

**Reyes XOURDÓN**

## **As calexas do que sobe e baixa**

### **VER O MAR**

Desde a nosa ventá vese o mar. Un mar de azul  
intenso que cambia co día e o vento.  
Cando sopra forte, síntoo na miña cara, padeo o  
salitre nos meus brazos e óioo preto  
cando rompe contra a escolleira.

Despois de tanto tempo vivindo co mar,  
eu son capaz de ventear as tormentas.  
Un cheiro especial que trae humidade e desasosego,  
que me anuncia a intranquilidade por el.

E cando el chega do mar, do traballo no mar,  
abrazo forte a meu home e  
pídolle que me describa as cores que viu desde o barco.  
E faino pausadamente,  
como querendo alongar a luz nos meus ollos.  
E descríbeme a auga gris chumbo de alá polo norte,  
o azul profundo do canal,  
a prata transparente xunto á praia...  
e a verde auga cando cae o sol.

E malia o seu cansazo, segue falando e ollando os meus ollos.  
Porque neles ve a felicidade da muller que sempre o amou,  
cuns ollos  
que nunca puideron ver os seus...  
nin o mar.

### **SANGUE DO MEU SANGUE**

Sangue do meu sangue  
que me roubas a mirada,  
que me roubas o corazón

Sangue do meu sangue  
que me roubas a sonrisa  
que me alegras o corazón

Sangue do meu sangue  
por quen perdo o valor,  
paralizas o meu corazón

Sangue do meu sangue  
que cando choras  
xéasme o corazón.

Sangue do meu sangue  
que me traes o temor  
corazón tras corazón

### **A RIQUEZA DOADA**

Tempo ao tempo,  
que o diñeiro non trae  
máis que desesperar

Moito quixeches  
e agora queres esquecer  
a ruína de voso ser

Atesouraches a riqueza  
sen esperar,  
e agora desesperas  
por eles e mais por ti,  
sin poder berrar

Traballo xusto,  
diñeiro xusto

Que o que custa  
ben está

Que o doado  
axiña se vai

Que o que veu mal,  
mal foi polo camiño,  
e, sen remedio, mal terminará

### **COMO SEMPRE, AMOR**

Úlooo en ti cando me achego  
Nótooo nos teus ollos cando te miro  
Síntoo nas túas mans cando te toco  
Saboréoo nos teus labios cando te bico  
Pálpoo na miña pel cando me afastoo

Calafríos de grandeza e miseria  
Rapazadas de adultos acovardados  
Torpes palabras incoherentes  
Medrosas ousadías de rapaciños

Vello sentimento  
polo que perdemos a cabeza  
para gañar o corazón